

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

8562 *Real decreto 599/2011, do 29 de abril, polo que se establecen as bases do Plan de Vixilancia Sanitaria do Gando Porcino.*

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, regula, no capítulo I do seu título III, a necesidade dunha adecuada ordenación sanitaria das explotacións de animais, e merece unha especial consideración, entre outros aspectos, e de acordo cos seus artigos 36 e 44, o establecemento das condicións sanitarias básicas e a regulación da cualificación sanitaria das explotacións.

Pola súa vez, tamén preceptúa no seu artigo 5 do título I a obriga de comunicar, por parte de toda persoa, física ou xurídica, pública ou privada, á autoridade competente a sospeita de calquera proceso patolóxico que poida ser compatible con enfermidades de declaración obrigatoria, así como calquera evidencia de risco ou perigo que poida comprometer a saúde humana ou animal.

O Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, establece no seu anexo I as enfermidades dos súidos suxeitas a declaración obrigatoria.

Á luz da experiencia adquirida na loita fronte ás enfermidades de declaración obrigatoria en porcino, a situación epidemiolóxica nos países da nosa contorna e dos nosos socios comerciais, xunto cos resultados favorables obtidos nos últimos anos grazas ao sistema de vixilancia descrito no Real decreto 1186/2006, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases do Plan de Vixilancia Sanitaria Serolóxica do Gando Porcino, que inclúe a peste porcina africana, a peste porcina clásica e a enfermidade vesicular, faise necesaria a súa modificación con obxecto de adecualo ao risco de que estas enfermidades, de grande impacto económico para o sector, volvan aparecer no noso país. Dada a entidade das modificacións, por seguridade xurídica, apróbase unha nova norma básica para tal efecto.

Con este real decreto fíxanse as bases técnicas nas cales se apoia a vixilancia, que serán posteriormente desenvolvidas e adaptadas mediante o correspondente programa nacional de vixilancia, en función de cada escenario epidemiolóxico, pois as circunstancias fronte a cada enfermidade obxecto de vixilancia poden variar, o que require un rápido cambio da metodoloxía da vixilancia, polo que se considera máis áxil modificar anualmente, ou cando sexa necesario, o correspondente programa nacional que modificar constantemente este texto normativo, o cal debe estar chamado a configurar un marco xurídico dentro do cal se deban mover as diferentes accións e, por iso, debe ser amplo, para así dotar o sistema da correspondente flexibilidade, fixando, iso si, os límites de acción, de maneira que, só se algún futuro programa ou medida se aparta deste marco, si sería necesario daquela modificar de novo o real decreto.

Desta maneira, co presente real decreto posibilitase, mantendo un eficaz sistema de alerta, reducir o número de mostras que se deben analizar para detectar as enfermidades obxecto de vixilancia, dado que o risco de abrochos diminuíu.

Dado o carácter marcadamente técnico desta disposición, considérase axustada a súa adopción mediante real decreto.

Esta disposición foi sometida á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de abril de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as medidas sanitarias para a detección precoz das enfermidades do gando porcino que figuran no anexo I e regular un plan de vixilancia que permita garantir no noso país o mantemento do estatus sanitario de libre fronte a elas.

Artigo 2. *Vixilancia sanitaria no gando porcino.*

A vixilancia sanitaria no gando porcino, incluídas as granxas de xabarís, basearase nun programa de vixilancia pasiva e un programa de vixilancia activa.

1. O programa de vixilancia pasiva terá por obxecto garantir a detección precoz das enfermidades listadas no anexo I. Este programa basearase:

a) Na comunicación por parte dos propietarios ou responsables dos animais, comerciantes, importadores, exportadores, transportistas e os profesionais que exerzan actividades relacionadas coa sanidade animal, sexan persoas físicas ou xurídicas, descritos no artigo 7.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, da aparición dalgún dos signos clínicos ou anatomopatolóxicos descritos no anexo II, ás autoridades sanitarias das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla onde radique a explotación.

b) Na realización dunha investigación epidemiolóxica por parte das ditas autoridades sanitarias tras esa comunicación referida na letra a) que permita descartar ou confirmar a infección por parte dalgunha das enfermidades listadas no anexo I.

2. O programa de vixilancia activa será examinado polo Comité Nacional do Sistema de Alerta Sanitaria Veterinaria, regulado nos artigos 27 e 28 da Lei 8/2003, do 24 de abril, que poderá elevar ás autoridades competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla ou ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño as correspondentes recomendacións ou propostas.

Este programa terá por obxecto garantir e verificar o mantemento do estatuto de libre fronte ás enfermidades listadas no anexo I e cumprirá cos seguintes requisitos mínimos.

a) Estará baseado nunha mostraxe, cunha periodicidade mínima anual, das explotacións de porcino de maneira que permita garantir, cun 95 por cento de confianza, a ausencia de enfermidade, se esta estivese presente cunha prevalencia igual ou superior ao 1 por cento. A mostraxe será distribuída proporcionalmente entre as comunidades autónomas atendendo ao censo de explotacións porcinas. O número total de explotacións obxecto de mostraxe fixarase nos programas nacionais de vixilancia atendendo ás variacións do censo de explotacións e distribuirase atendendo ao censo de explotacións porcinas de cada comunidade autónoma. O número de animais que se investigarán en cada explotación fixarase igualmente en cada programa nacional de vixilancia atendendo ao censo de porcino e ás condicións de bioseguridade de cada explotación.

b) Sen menoscabo do anterior, as autoridades sanitarias das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla, en virtude das competencias que teñen asumidas estatutariamente no ámbito da sanidade animal, poderán intensificar os controis adaptándoos ás circunstancias epidemiolóxicas que acontezan en cada momento.

Artigo 3. *Comunicación de información.*

Anualmente, antes do 15 de febreiro, as autoridades sanitarias das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla remitirán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, os resultados do programa de vixilancia porcina.

Artigo 4. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, e, se é o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que houber lugar.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1186/2006, do 13 de outubro, polo que se establecen as bases do Plan de Vixilancia Sanitaria Serolóxica do Gando Porcino.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta coas comunidades autónomas, para modificar o contido dos anexos deste real decreto para a súa adaptación ás modificacións que introduza a normativa comunitaria ou internacional.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de abril de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

ANEXO I

Enfermidades

Peste porcina clásica.
Enfermidade vesicular porcina.
Peste porcina africana.

ANEXO II

Criterios aplicables para considerar unha explotación sospeitosa de enfermidade, na cal se deberá efectuar unha investigación epidemiolóxica

As autoridades sanitarias das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla deberán realizar unha investigación epidemiolóxica cando os particulares descritos no artigo 7.1 da Lei 8/2003, do 24 de abril, comuniquen a sospeita de presenza das enfermidades incluídas no anexo I, baseándose nas evidencias clínicas descritas:

a) No capítulo III do anexo da Decisión 2003/422/CE da Comisión, do 26 de maio de 2003, pola que se aproba un manual de diagnóstico da peste porcina africana, no caso de peste porcina africana.

b) No capítulo III do anexo da Decisión 2002/106/CE da Comisión, do 1 de febreiro de 2002, pola que se aproba un manual de diagnóstico en que se establecen procedementos de diagnóstico, métodos de mostraxe e criterios de avaliación das probas de laboratorio con fins de confirmación da peste porcina clásica, no caso da peste porcina clásica.

c) No capítulo IX do anexo da Decisión 2000/428/CE da Comisión, do 4 de xullo de 2000, pola que se establecen procedementos de diagnóstico, métodos de mostraxe e criterios para a avaliación dos resultados das probas de laboratorio con fins de confirmación e diagnóstico diferencial da enfermidade vesicular porcina, no caso da enfermidade vesicular porcina.